

A pesar de haber moitos puntos na orde do día, as conclusións desta reunión foron moi poucas:

- A CIG propuxo o establecemento dun sistema obxectivo para a valoración das solicitudes de cobertura de postos en comisión de servizos. O Ministerio negase porque parece que lle gusta máis o sistema do “dedazo”. De todas formas, a CIG seguirá insistindo na proposta
- Os datos dos postos en comisión de servizos non coinciden. Descoñecemos se o motivo é por despiste ou para ocultar información.
- Está prevista convocatoria de un concurso xeral da DGP en setembro pero, por se acaso os postos se ocupan en condicións de igualdade mérito e capacidade, decidiron encherse a dar comisións de servizo nos últimos meses para despois non ofrecer eses postos no concurso. Todo un exemplo de cobertura de postos de costas aos principios de boa administración que logo se proclaman nos medios de comunicación.
- Na Policía, no último ano perdéronse 171 efectivos de Corpos Xerais, a porcentaxe de postos ocupados de xeito temporal é do 21,51% e case o 20% do persoal ten 60 ou máis anos. Ante esta situación nin o Ministerio nin a DGP teñen previsto un plan específico para diminuír as vacantes, salvo os 500 efectivos solicitados a Función Pública para cubrir con cargo á OEP e que aínda non sabemos se esta o concederá. Parece que o único que lle interesa e cubrir os postos por policías do CNP que, cun soldo superior e unhas funcións distintas están substituíndo ao persoal de Corpos Xerais.
- Na Garda Civil a situación é diferente. O persoal aumentou levemente, a ocupación de postos de xeito provisional e menos da metade que da DGP (10,24%) e só o 9,2% do cadro de persoal ten 60 ou máis anos.

Ao longo deste mes teremos reunión do grupo de traballo da DGP e volveremos a incidir nestes problemas.